Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di, en canto á praza de coordinador/a de Servizos Sociais, que xa estaba recollida na RPT e agora se modifica para que unha persoa de fóra poida cubrir a praza sen ser persoal municipal. Neste caso preguntaría, xa que na Mesa de Negociación quedou un pouco no aire, se existiría unha partida orzamentaria prevista para este posto? Respecto da segunda actividade da Policía Local dixo a concelleira que era necesaria e o seu grupo non o entende así, agora mesmo hai dous axentes de policía que se atopan en segunda actividade, que aínda que non estea reflectida na RPT, si teñen dous expedientes perfectamente formados e recoñecidos, por iso chámalle a atención que se amortice unha praza, que agora mesmo non está cuberta porque a persoa que a desempeñaba está en comisión de servizos noutro Concello e con poucas posibilidades de volver, por iso, tendo xa dous axentes en segunda actividade, non entende por que se crean tres prazas en segunda actividade. O que é certo é que Fene ten cada vez menos efectivos policiais, que a oferta de emprego público está conxelada e por iso non entende a creación destas tres segundas actividades.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle pregunta á concelleira de Persoal, segundo a documentación que veu, se a praza de Servizos Sociais se sacaría para funcionarios de carreira doutras administracións locais e non podería presentarse a esa praza persoas que estean actualmente no paro, teñen que ser funcionarios para poder acceder?

A concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, contéstalle que si.

Prosegue o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, pedíndolle ao goberno que retire esa parte da proposta porque entende que na situación actual do país e co elevadísimo



paro, as prazas que oferte o Concello deben saír a concurso público e non deben ser restrinxidas ao persoal que xa ten traballo noutras Administracións Públicas.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, que di que o seu grupo é partidario de que a praza de Servizos Sociais se provea por oposición libre, para darlle a posibilidade a todo o mundo de poder acceder á praza.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que di que esta proposta está aprobada na Mesa de Negociación e, polo tanto, logo haberá un mes para facer alegacións que poderán ter en consideración. En canto a praza de segunda actividade dille á concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que pode ser cuberta por un Policía, non ten por que estar en segunda actividade.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que entón non entende por que non se sacan todas as prazas dos axentes que hai en segunda actividade e non se incorporan á RPT, non entende por que non se fai una modificación de todas e cada unha das prazas.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o oficial agora pasará a segunda actividade, pois a partir dos 58 anos teñen que pasar a segunda actividade.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que como xa se falou da circunstancia e da situación, a falla de dicir o nome propio, non sabe se o goberno é consciente de que hai un axente en activo que posiblemente pase a unha segunda actividade, pero que o seu grupo saiba, a día de hoxe aínda non se lle notificou nada.

A concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, dille que si e que xa está negociado con el.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, di que a pregunta non é esa, a pregunta é se se lle notificou fehacientemente a ese señor que vai pasar a esa segunda actividade?. Como a Lei prevé que hai tres meses de antelación para notificarlle a un traballador que pase a segunda actividade, nestas dúas segundas actividades que xa hai agora, que teñen os seus expedientes regulamentados e non reflectidos na RPT, un deses axentes vai pasar á xubilarse no mes de febreiro e se xa é decembro, e sabe que non se lle notificou absolutamente nada, se conta tres meses xa pasou febreiro, no que tomaría posesión, no caso de que non a recorra. Hoxe tráese aquí un documento que vai ter unha aprobación do Pleno que vai ter unha efectividade, con independencia do que o goberno teña negociado, pero a realidade é esta, que hai un procedemento que hai que cubrir, por moito que se diga hoxe aquí que está máis que negociado, pero ese non é o xeito de como deben estar feitas as cousas. Por iso ese señor xa podía ocupar esta praza e agora a Lei tamén prevé, pese a estar conxelada a oferta pública, que por reposición se poida sacar unha nova praza, por iso pregúntalle se a praza que hai vacante, porque o axente está noutro Concello, se saca despois, vai estar en segunda actividade?. Pensa que isto é algo que o goberno, sen mala fe, non tivo en conta, pero o seu partido proponlle ao goberno que esta modificación da RPT quede sobre a mesa para revisala e volvela traer do xeito que realmente se teñen que facer as cousas. Repite o xa dito ao principio da súa intervención, que non entende por que se trae agora e por que se trae deste xeito.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que di que esta proposta foi aprobada na Mesa de Negociación, por iso dille á concelleira do grupo municipal do PP, que poden votar a proposta en contra e logo o goberno a volverá presentar.

Seguidamente a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, pregúntalle á concelleira de Persoal se cre que naquela Mesa de Negociación explicou realmente cal era a proposta do goberno.

A concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, contéstalle que si.



De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que as dúbidas sobre o procedemento que presentou o PP sobre as prazas da Policía Local pensa que merecerían a atención deste Pleno e pide que se atenda ao rogo de traer esta cuestión perfectamente traballada. O seu grupo mantén que as prazas que se convoquen no Concello de Fene sexan abertas e poidan presentarse todas aquelas persoas que non teñan emprego. Non é de recibo que se saquen prazas nas que unicamente se poidan presentar funcionarios doutras Administracións Públicas que xa teñen o seu posto de traballo. Lémbrale á concelleira de Persoal, que á Mesa de Negociación hai a obriga de levar determinadas cuestións a negociar, haxa ou non acordo, e a capacidade de decisión é deste Pleno, polo tanto, o dito sobre as alegacións será se se aproba esta proposta, pero o seu grupo non vai votar a favor dunha proposta que convoca unha praza restrinxida para persoas que xa teñen traballo. Se isto non se modifica non contará co seu voto a favor, nin coa súa abstención, por iso pide que se retire esta proposta para traballala mellor.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, que se ratifica na súa posición inicial para que se provea esa praza por oposición libre para que todo o mundo poida acceder a ela. Por iso invita ao goberno para que aprace esta modificación da RPT para o vindeiro Pleno e se resolvan as cuestións e as dúbidas que agora se presentaron.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que cando falou da praza que agora mesmo se pode sacar por reposición e que agora mesmo estaría, se se aprobase este documento como unha segunda actividade, que pode ser cuberta efectivamente por un Policía, non obstante na ficha que se presenta o complemento específico aparece con 7.500,00 euros, sen embargo o informe e a Proposta da alcaldía falan que as retribucións complementarias dun axente de Policía Local serían 10.500,00 euros. Por iso pensa que non está suficientemente claro se a persoa que sacase a oposición iría cobrar un complemento específico menor que o resto dos seus compañeiros da Policía Local. En canto á Mesa de Negociación, como dicía o seu compañeiro Manuel Polo, é para negociar entre o goberno e os traballadores, e o seu grupo, como non lle deixaron, non formaron parte dese goberno e este é o momento no que teñen que facer valer as súas alegacións, preguntas e proposicións.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que di que os complementos específicos segundo establece que o artigo 71 da Lei 4/2007 de coordinación de Policía Local regulan as retribucións na segunda actividade e establece que non suporá a diminución das retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas. Volve repetir que houbo unha Mesa de Negociación na que vostedes en ningún momento fixeron ningún tipo de pregunta, o Partido Socialista votou a favor, Somos Fene ausentouse e o Partido Popular se abstivo, por iso dilles que hoxe que cada grupo vote o que teña que votar e, se é preciso, volverán á Mesa de Negociación.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que o tema de que as segundas actividades non supoñen unha merma das retribucións xa o saben todos, así o axente que forme parte deste corpo de Policía que pase a unha segunda actividade non vai sufrir unha merma das súas retribucións. O que pregunta é por esa praza que queda aí, das tres prazas que se pasan a segunda actividade. Se logo por reposición se fixera unha OEP, o novo axente entrará con este complemento específico que consta na proposta?. Todas estas preguntas van encamiñadas no sentido de dicirlle ao goberno que deixe esta proposta enriba da mesa para a súa revisión. Se a volven traer con estas aclaracións e esas pequenas correccións o seu grupo votará a favor.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que volve insistir en que hai cousas que cómpre traer ben traballadas e xa que as urxencias tampouco son xustificadas, merece a pena darlle unha segunda volta a esta proposta. Di que está de acordo coas segundas actividades e tamén con que se saque a praza, pero en canto as formas dille que aínda que negocie moito cos traballadores, que está ben facelo, pero aos partidos políticos preséntalles as cousas feitas, e isto non é de agora senón que xa era antes, e moitas veces na Mesa de Negociación hai cuestións que se lles poden pasar por alto e teñen que facer valer a súa capacidade de decisión aquí no Pleno. Por iso dille á concelleira de Persoal que tense que dar conta que na súa negociación coa representación dos traballadores deste Concello, vostede ten un goberno que está en minoría e este Pleno é quen ten as facultades para decidir, por iso recoméndalle que para futuras cuestións, que afecten a temas tan sensibles, lle dedique algo máis de esforzo para



consensuar cos grupos políticos que lle poden dar maioría para tomar a decisión no Pleno, e para iso ten tres grupos cos que xogar, pero non é de recibo o que o goberno formule agora, xa que se tivera molestado máis en falar, isto chegaría máis traballado aquí. Por iso, por moito que o seu grupo queira facer o esforzo, non atopa ningún tipo de argumento para que prazas do Concello de Fene se convoquen restrinxidas para xente que xa ten traballo, e non se convoquen abertas para eses moi bos profesionais que hoxe teñen a desgraza de estar no paro, dada a situación socioeconómica que hai no país. Nesta cuestión, o seu grupo, non vai estar de acordo, aínda que se teña acordado con quen sexa, pois os ámbitos de decisión son os que son, a Mesa de Negociación é para negociar e este Pleno é para decidir, polos concelleiros que elixiron os cidadáns e non os delegados sindicais que elixiron os traballadores, por moito respecto que lle merezan.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di logo do debate que se produciu hoxe aquí pregúntase para que serven as Xuntas de Voceiros porque normalmente todos estes temas, ata o de agora, se trataban nestas Xuntas e calquera dúbida que existía, calquera dúbida que había que facer, sempre se fixeron nestas Xuntas os luns previos aos xoves dos plenos. Non entende que se teñan visto o luns e daquela non xurdira ningunha pregunta ou dúbida e resulta que aquí, agora, todo son dúbidas. En calquera caso, se a proposta continúa di que a votará a favor.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que volve repetir que na Mesa de Negociación non houbo ningún tipo de dúbida e ninguén preguntou nada, o partido Socialista votou a favor e se queren retirala que se retire.

**Rematado o debate, á vista das peticións de que o asunto sexa mellor estudado e de que o asunto non vai obter maioría para a súa aprobación, o alcalde acorda deixar o asunto sobre a mesa para darlle mellor estudo.**

### **7. Aprobación, se procede, da Moción do PP de reprobación ao alcalde de Fene e concelleiro de Facenda e a concelleira de Medio Ambiente pola perda da subvención do Plan de Medio Ambiente da Deputación PMA/2016**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 24.11.2016 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 en contra (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“MOCION DE REPROBACION O ALCALDE DE FENE E CONCELEIRO DE FACENDA E A CONCELEIRA DE MEDIO AMBIENTE POLA PERDA DA SUBVENCION DO PLAN DE MEDIO AMBIENTE DA DIPUTACION PMA/2016.

D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, de conformidade co establecido na lexislación vixente presenta esta MOCION para o seu debate y aprobación polo Pleno do Concello de Fene con base nos seguintes.

#### ANTECEDENTES

O pasado 14 de outubro de 2016 o Servicio de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente da Deputación da Coruña aprobou o PMA/2016.

En dita resolución consta que o Concello de Fene queda excluído de dito plan por non presentar a súa solicitude en prazo.

A perda o investimento ascende a 37.909,37 €.

No pleno ordinario do Concello de Fene celebrado o día 3 de novembro de 2016 o Partido Popular preguntou o Alcalde que motivos xustificaban que non se presentara a solicitude en prazo. O Sr. Alcalde contestou que fora un erro e que asumía a total responsabilidade do mesmo.





Por outra banda, tratándose de un plan medioambiental resulta claro para este partido que alguna intervención tería a Concellería de Medio Ambiente, intervención que para nada foi aclarada.

O Partido Popular de Fene non pode conformarse con tan pequena explicación para a perda de un importante investimento de 37.909,37 € Non nos cabe dubida que o último responsable da perda da subvención é o Alcalde pero debe explicar o Pleno todos e cada un dos motivos que conlevan dita perda.

Con asumir a responsabilidade de un erro no se subsana o mesmo é debe explicar os vecinos que motivos levaron a semellante despropósito.

Por todo o exposto solicitamos do Pleno se tomen os seguintes ACORDOS:

- Que por parte da Concellería de Medio Ambiente se explique o Pleno cal foi a súa intervención na elaboración de proxectos e presentación da documentación fora de prazo ante a Deputación.
- Que por parte do Sr. Alcalde se explique cal foi a súa intervención en tales feitos que, como non pode ser de outra maneira, o levaron a asumir a total responsabilidade do erro.
- Reprobar a actitude amosada polo Alcalde de Fene e Concelleira de Medio Ambiente pola total falla de dilixencia na tramitación da subvención do PMA/2016 que conlevou a perda de 37.909,37 €
- Solicitar a inmediata DIMISION do Alcalde e a Concelleira de Medio Ambiente pola súa incapacidade para xestionar os asuntos dos veciños de Fene."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que por poñer en antecedentes o tema, di que no último Pleno o seu grupo tivo coñecemento da Resolución dos plans medioambientais da Deputación da Coruña que dicía que houbo algúns concellos que non presentaron as súas solicitudes en prazo, polo que están excluídos da proposta e cita a Cambre e a Fene, por unha contía de 37.909,37 euros. Esta subvención solicitábase para levar unha rede de saneamento á zona do Carril e para a instalación de dúas illas ecolóxicas que mellorasen o impacto ambiental de determinadas zonas do Concello, nas que hai bastante tránsito, poden ter coa colocación dos colectores. O alcalde dixo cando tomou posesión que ía ser o alcalde máis barato porque ía cobrar a metade, porque tamén lle ía dedicar a metade do tempo ao Concello. Esas dedicacións de metade, que non se fan en beneficio dos veciños de Fene senón por intereses propios e particulares, quizais estean mermando unha falla de acción ou esa incapacidade que se está demostrando cando se perden este tipo de subvencións. O alcalde máis barato xa lle saíu caro ao Concello, porque 37.000 euros son, máis ou menos, o soldo dun alcalde durante un ano. Por tanto pensa que houbo unha actuación con total falta de dilixencia, dio por unha razón, porque pensa que o que pasou é que a plataforma da Deputación se colgou e non houbo xeito de subir nada, co cal había que ter a precaución de ter toda a documentación, ao mellor, tres ou catro días antes, para intentalo durante eses días e non esperar ao final do prazo, porque se sabe que o último día todo o mundo está intentando colar as súas subvencións e as súas documentacións a través da plataforma informática da Deputación.

A inconsciencia foi tal, que se o seu grupo gobernase, pois non só vai criticar senón tamén dar solucións, se o último día ás 12.00 h comprobase que a plataforma non ía, el collería a documentación e marcharía para a Deputación para presentala no rexistro de entrada, sabendo que non vale porque as bases establecen que hai que presentalas telematicamente, pero se deste xeito non se pode, cando menos presentaría a documentación por rexistro e logo que a Deputación se atreva a dicirlle que non concederá a subvención por non presentar a documentación. Deste xeito, cando menos, tería a xustificación diante de todos os veciños, lles podería dicir que o intentou de todos os modos e a culpa, neste caso, e co seu grupo municipal ao seu lado, sería da Deputación, precisamente, por ter mal o equipo informático ou por non atender as solicitudes por rexistro de entrada. Por todo isto solicita o voto favorable para esta moción, porque entende que o asunto foi bastante grave e moito se teme que non será o último.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que cómpre ter explicacións. É certo que tivo coñecemento de que houbo problemas nesa tramitación por comunicacións que ese mesmo día o alcalde tivo con el, e non lle coinciden os datos que se lle comentaron daquela cos de agora, e tampouco cos que se lle comunicaron



posteriormente no que lle dicían que a cuestión se emendaría coa Deputación. Di que el no seu exercicio profesional tramita subvencións dentro da plataforma da Deputación e ten clave de acceso a aquela e ten a capacidade de coñecer se a plataforma naquel momento estaba colgada ou non, e dille ao alcalde que sabe en que condicións estaba a plataforma aínda que prefire que sexa el quen informe disto. Dende que a plataforma SUBTEL está en funcionamento tenlle pasado de todo, é certo que el, ata o de agora, afortunadamente non tivo ningunha incidencia, pero a pode ter en calquera momento. O seu terminal tamén está a disposición das entidades asociativas do concello para que tramiten as súas subvencións e se teñen feito varias nas que lle ten pasado case de todo, por exemplo tenlle pasado que houbo problemas informáticos, neste caso funciona a asistencia de municipios da Deputación e procura solucionarlos, senón se solucionan isto se lle comunica á Deputación, manteñen aberto o portal e, logo da solución da deficiencia informática, se carga a documentación na plataforma. Tamén lle pasou o que dixo o voceiro do grupo municipal do PP, que algunha entidade chegou tarde, nese caso foi unha xustificación, e a asociación corría o risco de perder, cando menos, unha parte da xustificación por non presentala en prazo, por ter a plataforma problemas, e ante varias solucións preferiron non arriscar, miraron o reloxo e colleron a documentación para presentala no rexistro da Deputación, chegaron con 15 minutos de marxe e a plataforma a abriron para presentar a documentación unha vez solucionados os problemas informáticos. Por tanto, nesta cuestión, se se tiveran producido problemas informáticos había mecanismos dentro da Deputación para solucionarlos. Noutro caso se se houberse collido a documentación e se presentase no rexistro da Deputación, el ten a experiencia directa de que, ata o de agora, a Deputación dá unha resposta. A partir disto, pensa que os problemas deste caso tiveron que ser outros, ou non se soubo reaccionar, ou a coordinación era a que era. Lembra que estando no goberno, xa no mes de setembro ou outubro, se lle insistiu unha e outra vez ao alcalde que era necesario mellorar a coordinación na tramitación das subvencións, sen que nunca se puideran sentar a falar desta situación, por iso dille que daqueles polvos estes lodos, chegou un momento no que como os problemas non se solucionan, como non se mellora a parte que hai que mellorar, xorden problemas deste tipo. Por iso dille ao alcalde que algunha explicación mellor merecen que a dada ata o de agora.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que a explicación do que ocorreu xa foi dada polo alcalde no anterior Pleno cando dixo que foi un erro informático e estase a aclarar aquí que vén motivado por presentala o último día, error típico da mala xestión e mala actuación, a de deixar as cousas para o último día. Agora estase coa reprobación, que segundo o dicionario da Real Academia Galega di que é manifestarlle a alguén que algo non é correcto, así se lle dixo no anterior Pleno e o alcalde dixo que asumía a responsabilidade, e pregunta, isto que é? Responde que é facerse cargo de algo que se toma como propio, a responsabilidade obriga a render contas e iso é o que pensan que debe facer esta alcaldía. A desculpa que deu é que houbo erros informáticos no último día, pero debe dicirlles como asume realmente esa responsabilidade.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere puntualizar que naquel momento non formaba parte do goberno, pero si que hai unhas cousas que lle gustaría manifestar. A primeira é que sobre o dito de que se está a media xornada e demais, ten que dicir que antes de estar no goberno, sempre que veu ao Concello, sempre encontrou ao grupo de traballo do goberno do BNG, así o dixo sempre e así o mantén. Agora que forma parte do goberno di que no Concello está todo o mundo dende as 08.00 h ata as 15.30 ou 16.00 h, incluso algunha xente que está hoxe aquí non foi comer, por iso o de que a media xornada cóbrase menos e trabállase menos non é certo. Pode que se cobre menos pero se traballa toda a xornada. Respecto do dito de falla de coordinación e que non se xuntan para traballar di, cando menos respecto do seu partido, que todas as veces que quixeron falar con calquera concelleiro do grupo de goberno para falar de calquera tema non tivo nunca ningún problema. Neste algo máis dun mes que leva no goberno non atopou ningunha falla de coordinación, nin ningunha dificultade á hora de traballar. Do resto di que a explicación compételle ao alcalde que é quen a ten que dar.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que di que semella que todo o mundo quere explicacións e ao mellor ten que dar algunha que non lle gustará a todo o mundo. En primeiro lugar dille ao voceiro do grupo municipal do PP que non vai entrar nas súas teimas e nas súas paranoias cos temas da dedicación.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille ao alcalde que non é un paranoico e pídelle que retire esa palabra porque o está a insultar.

De seguido intervén o alcalde que lle di non lle chamou paranoico e, se lle vale mellor a súa teimudez.

Prosegue o alcalde dicíndolle ao voceiro do grupo municipal do PP, que xa é a segunda ou terceira vez que insiste na mesma teimudez do da media xornada. Hai unha cousa que ao mellor non ten que é a conciencia, el vén ao Concello a facer un traballo ao servizo dos veciños e veciñas e pensa, en conciencia, que se pode evitar gastos á propia institución, o ve axeitado. Non todo o mundo o poderá facer, pero el se pode non ten ningún problema en facelo. Di que de momento é unha cuestión de conciencia e a dedicación exclusiva que ten para o Concello pensa que a estas alturas está lonxe de toda dúbida, cousa que outras persoas, ao mellor tendo diversos ingresos, chegan aquí e tamén queren cobralo todo, pero iso é unha cuestión de conciencia de cada un. No Pleno do mes pasado, efectivamente, deu explicacións e ve que se colleron con pinzas, así a mesma moción di que el se fixo responsable como así foi. Fíxose responsable por unha sinxela razón, porque el, a diferenza do voceiro do grupo municipal do PP, pensa que é responsable de todo o grupo de goberno, incluso faise responsable de toda a Corporación, ao ser o seu presidente. Non lle bota a culpa a ninguén porque pensa que como alcalde deber ser responsable de todo o seu goberno, non se dedica a botarlle a culpa á oposición, nin aos funcionarios, nin aos veciños, nin cando algo lle sae mal aos compañeiros do goberno como nalgunha ocasión fixo o voceiro do PP. Faise responsable das cousas que fai o seu goberno. A subvención do Plan medio ambiental é unha subvención transversal, afecta a moitas concellerías en Fene. O que se fixo foi sacar varios proxectos, así había un proxecto de alumeadado, un de illas ecolóxicas e outro, que era o máis importante, era unha rede de saneamento no Carril, que hai vinte ou trinta anos que está sen facer, e o creron oportuno. Ao ser transversal interveu a concellería de Medio Ambiente, Promoción Económica que o tramitaba e Obras por ser un saneamento. O erro máis grande que tivo foi non ter presentado a solicitude con antelación, o que é claro, e outro foi non ter revisado que estivese presentado, e iso é do que se ten que facer responsable, como alcalde, non de non presentala pero si revisar que se presentase. Pídeselle que explique cal foi a súa intervención en tales feitos e, chegado a ese día, o último día, se comprobou que a subvención estaba sen tramitar e a súa intervención foi intentar, ese mesmo día, facer todos os trámites que estaban pendentes nese momento e presentar a subvención en prazo. Por mala sorte e por uns minutos resultou que as 14.00 h non lle deu tempo, de xeito hai unha incidencia presentada as 14.02 h, pero que por motivos informáticos, cousa que lle explicaron un mes despois na Deputación, non se puido ter en conta. Por iso a súa responsabilidade é non ter mirado antes a subvención. Outra cousa é que semella que todo o mundo se esquece aquí en que data foi a presentación da subvención, foi o 15.07.2016, cando o goberno estaba formado por nove persoas e tres grupos políticos distintos e ve que semella que isto xa se esqueceu. A explicación basicamente e esta, hai moitos motivos para ter a responsabilidade pero a responsabilidade tamén consiste en que xa se tomaron as medidas oportunas para que isto non volva suceder, porque como responsable, cando se comete un erro ten que tomar as medidas para que non se volva cometer. As medidas que se tomaron van dirixidas a como pedir as subvencións e de que xeito se evitarán que poida volver suceder. Isto xa ocorreu e non entende a teima, aínda que o voceiro do grupo municipal do PP xa dixo que lle ía pedir a dimisión en todos os Plenos. Estráñalle moito esta reprobación por esta subvención e nunca viu tanto interese na reprobación dun alcalde neste Concello, xa que o propio voceiro do grupo municipal do PP, sempre dixo que cando chegou ao goberno había catro POS e non sabe cantas obras sen facer, e nunca lle pediu a reprobación a aquel alcalde cando agora, por unha subvención, si que a pide.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle dá as grazas ao alcalde por darlle entrada a cousas nas que non quixera entrar, pero xa que revisou na memoria dille que el tamén a ten. Lémbrollle que foi precisamente o BNG quen reprobou ao concelleiro de Obras daquel goberno bipartito, por tanto si houbo reprobacións e o seu grupo foi o primeiro en facelo e non foi unha reprobación a ningún membro do PP. Ao mellor lle gustaría que o seu grupo deixara pasar este feito, que considera bastante importante e prexudicial para o Concello de Fene, pero non o vai deixar pasar. Dille á voceira do grupo Mixto municipal que se alegra de que veña ao Concello a traballar, porque semella que os demais durante os catro anos anteriores non fixeron nada, non sabe se ela traballa moito ou pouco, pero aquí vense traballar e dan por suposto e por sabido que calquera persoa que se presenta para estar aquí vén a isto, por iso



dille ao actual goberno que non teñen que vender nada. Respecto das dedicacións exclusivas di que é moi lexítimo, neste Concello hai unha dedicación exclusiva para un alcalde e un concelleiro pero un Concello como este case que serían precisas máis, el sábeo porque estivo aquí, por iso dille ao alcalde que non vaia de perdoa vidas.

Neste momento intervén o alcalde que lle pide ao voceiro do grupo municipal do PP que retire o de perdoa vidas.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que retira o de perdoa vidas. Dille ao alcalde que pode organizar a súa vida como lle dea a gana, a media xornada ou a xornada completa, pero o que el non quere é que se perda unha subvención dos veciños e tampouco quere que lle fagan estes favores, cando menos por parte dos veciños de Fene que representa o partido Popular. Repróchalle ao alcalde que vaia deixando pullas soltas como que uns veñen aquí a cobrar ou que outros teñen máis ingresos e lémbrale ao alcalde que nun Pleno, un informe de secretaría e de intervención díxolle que sendo concelleiro deste Concello, non podía contratar como contrataba coa súa empresa os seguros desta Casa. Por isto, dille que agora non proceden estas pullas. Estes son feitos que constan nun Pleno e as cousas que dixo o alcalde agora son un pouco insidiosas, no sentido de tratar de tirar á súa bancada cousas que non existen e nunca existiron. Naquel Pleno no que se lle pediu a súa dimisión como concelleiro, porque non podía contratar co Concello e máis ser concelleiro, optou por renunciar á súa carteira de clientes e pasoula a outra axencia e por iso seguiu aquí como concelleiro.

Pensa que nos catros anos que estivo como alcalde botoulle algunha culpa a algún concelleiro e a responsabilidade do alcalde vén dada por Lei, non é nada especial, e cando di que asume toda a responsabilidade, esta, vénlle dada por Lei e claro que a ten que asumir, igual que o fixo el cando foi alcalde, pois a lei é igual para todos.

O Plan medio ambiental dixo que é transversal e pode ser que competencias de distintas concellerías poidan confluír nese Plan, pero pensa que o lóxico e razoable é que o dito plan o coordinara a concellería de Medio Ambiente, que ten as competencias delegadas e que fose esa concellería quen coordinase a Servizos, Obras ou Promoción Económica. Non lle vale que lle digan que por ser transversal non saben se vai para Servizos, Obras ou Promoción Económica. Isto denota unha incapacidade para coordinar as distintas concellerías, sexa por parte de Medio Ambiente ou por parte da alcaldía. Se isto non é así, teranllo que explicar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o certo é que está sorprendido. Di que non esquece que daquela estaba no goberno, aínda que tres semanas despois xa non. O alcalde dixo que era un tema transversal e había tres proxectos o cal non foi certo, había máis.

Comezouse a traballar para o Plan medio ambiental bastante meses antes de que se convocase, porque sabía que se ía convocar. Soubo a cantidade que se ía adxudicar antes de que saíse a propia convocatoria, así el mesmo comentoulle ao alcalde que os proxectos de obras que estaban previstos non se ían incorporar ao plan, dado o importe. Coñecían dalgunhas iniciativas da concelleira de Medio Ambiente porque xa tiñan falado delas, dunha tiñan falado bastante e doutra incluso visitaron o sitio, incluso acompañando á enxeñería que fixo o proxecto.

Cando consultou na secretaría unha cuestión, alguén lle informou que dende Promoción Económica tamén se estaba preparando un proxecto para a mesma subvención, momento no que se dirixiu ao alcalde para pedirlle que puxera orde, pois se estaba traballando dende dúas áreas para o mesmo. Este foi o momento no que o alcalde tivo constancia deste feito e algo de coordinación faltaría cando hai unha subvención convocada para a que o goberno leva falado, cando menos dende dous meses antes, e chega o momento e resulta que uns concelleiros e outros danse conta de que están traballando en proxectos diferentes para as mesmas subvencións, porque logo de preguntar unhas dúbidas, contestoulle o persoal municipal disto e o alcalde non o sabía, polo que algo fallaría. Dille que ten que lembrar que isto non era a primeira vez que pasou e non é un problema de eficiencia do persoal municipal, é un problema de coordinación e iso tócalle ao alcalde. Dille que xa tiveron problemas moi serios na coordinación dos plans provinciais nos meses anteriores e a partir disto xa lle pediron que se mellorase os procedementos da tramitación das subvencións, porque non se podían permitir o luxo de que isto volvese pasar, afortunadamente os problemas dos plans provinciais se puideron arranxar, pero isto desgraciadamente non e se cadra pasou porque non se traballou. Di que o día quince el era concelleiro de Obras e tamén lembra perfectamente a súa chamada, a primeira para comunicarlle que faltan uns minutos para o remate do prazo e a segunda



cando lle dixo que estivese tranquilo, que non había problema porque xa falara coa Deputación e isto estaba listo, pero non o estivo, e puido ter xeitos de arranxalo se non se esperase a última hora. Non obstante, ten a convicción persoal que dende ese día non se volveu interesar por este tema e por iso estase onde se está.

Respecto do fallo informático e da tramitación das subvención, igual poden estar falando de que se trata dun proceso complexísimo, de que hai unha documentación moi exhaustiva, con centos de tramitacións, pero trouxo a tramitación desta subvención doutro Concello e consta de catro folios, a Providencia da alcaldía, a Resolución da alcaldía do acordo de presentar a solicitude, o informe do proxecto e a aprobación do proxecto. Isto faise perfectamente nunha mañá de traballo sen ningún tipo de problema. Dille ao alcalde que isto só lle debe pasar a el en toda a volta; non sabe o que fai no seu quefacer habitual pero lle informa que na maioría das Administracións non é o habitual traballar así, as cousas fanse antes e é certo que ás veces os prazos van moi xustos e chégase ao final, pero iso é as menos das veces e se hai un problema hai tempo para solucionalo. Por tanto, dille que non diga que isto foi un tema transversal e que foi o que o retrasou, porque non foi así. Sabíase o que se ía pedir e aínda estaba todo o prazo da convocatoria para solucionar as cousas, estaban os proxectos listos con bastante antelación ao remate do prazo, xa se informaron no mes de xuño, por tanto, proxectos feitos e informados só quedaba a Providencia, a Resolución e tres folios e unhas liñas doutro.

Pensa que o partido Popular presentou unha moción de reprobación contra o alcalde e a concelleira de Medio Ambiente, pero non cre que neste tema tivera ningunha responsabilidade a dita concelleira, a responsabilidade é de quen tiña que ter isto organizado e non o fixo, non fixo o seu traballo, e ese é única e exclusivamente o alcalde.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo político Somos Fene, César Daniel Castro García, que di por alusións que Somos Fene tiña a responsabilidade da concellería de Promoción Económica e a única intervención que tivo el persoalmente, como concelleiro, nesta subvención, foi preguntarlle ao alcalde se tiña cabida nos 37.000 euros un proxecto de auditoría enerxética por importe de 9.000 euros. Preguntoulle dúas ou tres veces e contestoulle que non, que xa se estaba xestionando un proxecto. É certo, que tivo incidencias de falla de coordinación no tema das subvencións e precisamente eles, o grupo municipal Somos Fene, demandáronlle ao alcalde que se fixeran reunións de coordinacións para isto, incluso el persoalmente chegou a convocar aos compañeiros de goberno para facer unha xuntanza, á que asistiron, polo que cando menos houbo unha xuntanza de coordinación.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere puntualizar unha cousa. Dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que nunca dixo que el nin o seu grupo non traballara, puido ser mellor ou peor para o seu gusto, pero nunca dixo iso. Di que ao que quixo referirse é que é un pouco desagradable que se achegue que o alcalde presuma de que traballa menos e cobra menos, o cal non é certo.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que contesta ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que semella que non lle quedou claro o que ocorreu hai catro anos, porque o que dixo daqueles informes é mentira. O último recibo do seguro que comentou que se pagou neste Concello corresponde ao exercicio 2010, que foi cando se puido pagar por última vez e el non era concelleiro desta Corporación. Que el como alcalde o pagase máis tarde, non ten nada que ver e iso pódese comprobar, iso reflexa que non se enteraban, de feito o informe ao final quedou no que quedou porque contiña determinados erros.

Respecto da subvención, insiste en que se fai responsable delas. En función de canto se traballa un se pode equivocar máis ou menos. Hai ano e medio ou dous anos, cando o PP gobernaba neste Concello, máis ou menos no 2013, este Concello recibiu 805.000 euros en subvencións e no ano 2016 Fene recibiu 1.920.000 euros, é dicir, conseguíronse máis do dobre do importe de subvencións e pedíronse o dobre de subvencións que pediu o PP, isto ten que ver co feito de canto máis se traballa máis probable é que un se poida equivocar.

Respecto do interese que ten o voceiro do grupo municipal Socialista, dille que mentres que estivo no goberno, todas as obras que aquí se fixeron non se puido mover un papel sen que el, que como ben sabe non estivo aquí todos os días, tocábase esas subvencións. Di que ten as carpetas que lle pasou no que indicaba o que estaba tramitando e nunha delas consta a convocatoria de Medio Ambiente, escrito do seu puño e letra. Pídelle que pare xa con isto, que un pode ter paciencia pero





estase metendo todos os días nun xardín, semella que vai haber que sacar todos os papeis e poñelos enriba da mesa; leva dous Plenos facéndose responsable disto polo que lle pide que non siga por aí porque incluso está metendo nun lío aos seus propios compañeiros. Dalle igual de quen fose o erro: seu ou del, porque a responsabilidade é súa precisamente porque é o alcalde e non vai facer responsable a ninguén máis. Remata dicindo que insistir todos os días neste tema xa aburre e o seu grupo non vai aceptar a moción e non a van votar a favor.

De segundo intervén o voceiro do partido Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que lle parece que este tema non foi tan recorrente, lembra que saíu no Pleno pasado no que se lle fixo unha pregunta e neste Pleno no que se trae esta Moción de reprobación, por iso pensa que non é para poñerse así.

Contéstalle o alcalde que neste caso non fala do seu partido, entende a postura do PP porque el tamén estivo na oposición, pero non entende a postura doutros. Dille ao voceiro do partido Popular que eles están no seu papel.

Prosegue a dicir o voceiro do partido Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que o papel pódese interpretar de moitas formas e tamén depende moitas veces do director de obra que pode influír na interpretación dese papel, pero o papel que hoxe hai aquí é lexítimo, esa é a súa obriga. Dille ao alcalde que no Pleno pasado recibiu unha pregunta e hoxe unha moción de reprobación porque queren saber, de verdade, o que pasou. As explicacións que deu non lle convencen. Di que ía deixar xa o tema pero como mencionou a palabra mentira e mentira só a din os mentireiros, polo que entende que lle chamou mentireiro, por iso o seu grupo, no vindeiro Pleno, vai presentar precisamente o informe conxunto de secretaría e intervención municipal que din todo o que el dixo hoxe aquí, e ese día no Pleno quere que lle retire esa palabra de mentira.

De seguido intervén o alcalde que contesta que lembre que se tratou do ano 2010.

Prosegue a dicir o voceiro do partido Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que nese informe relátase unha aptitude, non se trata de se no 2012 se pagou o xustificante de pago do 2010 ou no 2013 o do 2011, dille ao alcalde que non hai que confundirse e ir ao fondo. Dille que non conta ningunha mentira, que lle vai ler o informe. Dixo que acadou 1.920.000 euros en subvencións e gustaríalle saber, non ten por que ser hoxe, pode ser na vindeira comisión, en calquera dela, de onde lle saen estes cartos, porque os veciños de Fene non ven nin un duro, agás que xa estea sumando o POS + deste ano da Deputación de 775.000 euros, máis o do ano pasado que foron 685.000 euros, co que xa se vai en millón e medio, logo acadou 300.000 euros, o que non está mal, non se queixa. Non obstante o obxecto disto é que levan aquí ano e medio e non houbo nin orzamentos, nin obras, nin plan de urbanismo, nin relación de postos de traballo, nin nada de nada.

A continuación intervén o alcalde que di que logo hai un punto de rogos e preguntas e rógalle que se suxeite á Moción.

Prosegue a dicir o voceiro do partido Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que por isto esta moción, cunha cousa máis que hai que sumar a todo o anterior, pídelles que dimita.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di ao alcalde que isto xa parece unha convención, díxolle que el tamén levaba os proxectos de Medio Ambiente cando o alcalde saltaba do sillón cando lle parecía que el tocaba algo de Medio Ambiente e preguntalle que como lle pode dicir semellante cousa. Pensa que se preocupou por este proxecto, preocupouse por saber que ía haber un plan de Medio Ambiente cando el non o sabía, preocupouse de facerlle o seguimento na Deputación ata saber a cantidade que lle ían asignar, cousa que lle informou el porque o alcalde tampouco o sabía. Neste momento díxolle os proxectos nos que el estaba a traballar e que ningún chegaba ao financiamento e por tanto debíase coller os que se estaban pedindo dende as outras Áreas. Por tanto, claro que terá carpetas coa súa letra nese programa, faltaría máis que non as tivese e claro que o programa era transversal, pero isto non é ningunha explicación nin xustificación para isto porque se delimitou con claridade cales ían ser as accións de goberno con tempo máis que suficiente para que se fixeran os proxectos, como así estiveron feitos antes do prazo e repítelle que só facían falla cinco papeis. Ademais dille ao alcalde que que el estivese aquí ou non non deixa de ser unha situación, non dirá paranoica para que non se

C.I.F.: P-1503600-G

enfaden, senón moi atípica, porque cando estaba no goberno para cuestionar a outros socios se dicía que el viña dous días á semana pero que estaba doce horas ao día e agora xa non estaba nunca. Neste caso, que el estivese aquí ou en Malpica non ten ningunha incidencia e el dende o seu terminal podía ter tramitado isto se lle avisara en tempo e non quince ou vinte minutos de acabar o prazo, incluso é posible hoxe en día, pois xa se ten feito na Deputación, utilizar os terminais só para engadir os documentos e presentalos dende outros que non teñan problemas informáticos, problemas que vostede sabe que non había. O que non vai dicir nunca é a explicación que lle deu pouco antes das dúas da tarde do por que había esa incidencia, primeiro porque o único que vostede fixo foi responsabilizar ao persoal desta casa, do que está convencido que non tiña ningunha, xa que a única responsabilidade que hai é a de quen non sabe coordinar un goberno, que é a súa. Lembra perfectamente o que lle dixó, pero non o vai repetir porque non quere que sobre as persoas das que falou se semente a máis mínima dúbida porque non teñen ningunha responsabilidade, así lémbrale que tiveron problemas coa tramitación do plan de acción social, co POS e daquela houbo quen se preocupou e quen os arranxou e hoxe as baixas destes programas, se as hai, vanse recuperar, pero no foi porque o alcalde movese nin un só dedo, a pesar de insistirle semana tras semana ata que algúns decidiron darlle solución cando era incapaz de levantar un teléfono e preguntar como se arranxaban as cousas. Hai que ter valor para facer o que fixo de vir hoxe aquí e levantar esa carpeta. Hai un momento que foi sincero que foi no anterior Pleno, pero non asumiu nada por defender a ninguén, asumiuo porque sabe perfectamente que é o único responsable desta situación e non foi responsabilidade do concelleiro de Promoción Económica nin da concelleira de Medio Ambiente.

Dille que non foi a primeira vez que tiveron problemas, foi a segunda e espera que para as seguintes xa o teña solucionado e como dixó o voceiro do grupo municipal do PP, desgraciadamente pensa que vai volver pasar e verase o que lles conta a seguinte vez.

Dalle as grazas ao alcalde por ser sincero no anterior Pleno, pero tamén lle di que asumir as responsabilidades non é dicir que a culpa foi súa, significa tomar decisións, porque cando un non sabe xestionar os cartos dos veciños e veciñas só hai unha decisión que se pode tomar, que é a de marcharse a súa casa para que alguén poida xestionar cun mínimo de eficiencia e dilixencia o que son cartos de todos os veciños de Fene e vai sendo hora de que se vaia mirando no espello.

O alcalde contesta ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que respecto do dito no principio da súa intervención pasada, non merece resposta.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (3 do grupo municipal socialista, 7 do grupo municipal do PP e 2 grupo municipal Somos Fene) e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- **Que por parte da Concellería de Medio Ambiente se explique o Pleno cal foi a súa intervención na elaboración de proxectos e presentación da documentación fora de prazo ante a Deputación.**
- **Que por parte do Sr. Alcalde se explique cal foi a súa intervención en tales feitos que, como non pode ser de outra maneira, o levaron a asumir a total responsabilidade do erro.**
- **Reprobar a actitude amosada polo Alcalde de Fene e Concelleira de Medio Ambiente pola total falla de dilixencia na tramitación da subvención do PMA/2016 que conlevou a perda de 37.909,37 €**
- **Solicitar a inmediata DIMISION do Alcalde e a Concelleira de Medio Ambiente pola súa incapacidade para xestionar os asuntos dos veciños de Fene.**

## **8. Mocións urxentes**

### **8.1 Moción do grupo municipal Socialista de realización do acto institucional do día da Constitución**

O grupo municipal socialista presenta a seguinte moción para a súa introdución por urxencia na orde do día:





**“MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE, AO PLENO DO DÍA 1 DE DECEMBRO, DE REALIZACIÓN DO ACTO INSTITUCIONAL DO DÍA DA CONSTITUCIÓN.**

Ininterrupidamente dende o ano 2007 o concello de Fene ven celebrando o Día da Constitución, en torno ó día 6 de decembro, dando relevo á iniciativa da maioría das formacións políticas da corporación que xa o viñan facendo a iniciativa propia.

Pro meira vez en 9 anos, o Goberno do Concello de Fene non ten realizado ningunha xestión para celebrar que no ano 1978 os cidadáns do estado español decidimos dotarnos dun marco xurídico que permitiu a convivencia en paz do conxunto da cidadanía, sen prexuício das súas conviccións políticas.

A Constitución de 1978, aínda que poida ser mellorable, e despois de 38 anos poida merecer un detido repaso para adaptala ás demandas dunha sociedade en continua evolución, constituiu unha ferramenta excepcional para afianzar os valores democráticos no estado español.

Por isto, o Grupo Municipal Socialista do concello de Fene presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN e se compromete a:

- Instar ao Alcalde do Concello de Fene, Juventino Trigo Rey a que en coordinación cos diferentes voceiros do grupos políticos do Concello de Fene tome as medidas precisas para a realización dun acto institucional con motivo do día da Constitución o 6 de decembro de 2016.”

En xustificación da urxencia da moción o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que hoxe é día 1 e o 6 é o día no que se celebra a Constitución, sendo este ano aquel no que por primeira vez nos derradeiros nove anos non houbo ningunha comunicación ou iniciativa do goberno nas Comisións, na Xunta de Voceiros ou no Pleno, de celebrar este día; por iso, esta iniciativa a terán que asumir o resto dos grupos políticos que forman parte do Pleno.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia que votará a favor da urxencia por cortesía, como se fixo sempre, pero non ve ningunha urxencia, pois que viña o seis de decembro xa o sabían dende o mes de decembro do ano pasado. Di que houbo Xunta de voceiros e non se falou de nada disto e segue sen entender entón para que están estas xuntas, por iso non ve a urxencia para traer esta moción ao Pleno un minuto antes de comezalo. Ademais lembra que sempre que se trouxeron mocións urxentes ao Pleno todos os grupos tiñan a cortesía de dállelas aos outros cunha antelación, cando menos suficiente como para podelas consultar. Remata dicindo que votará a favor aínda que non lle ve a urxencia.

**Rematado o debate o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes, acordou incluír na orde do día por urxencia a seguinte Moción do grupo municipal Socialista de realización do acto institucional do día da Constitución.**

Abre o debate da moción o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que coa lectura da Moción a cuestión vai suficientemente defendida. A cuestión é clara e evidente porque os demais partidos xa coñecen cal é a posición do goberno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que do que leva escoitado sobre a Xunta de Voceiros, agás que o corrixa a secretaria municipal, no Regulamento orgánico a Xunta de Voceiros non existe, outra cousa é que dende que estivo o PP no goberno comezouse a convocar automaticamente todos os luns anteriores ao Pleno. Lembra que na lexislatura anterior do bipartito, estando de alcalde Iván Puentes, el foi chamado dúas veces en catro anos e pensa que durante a época do BNG, do último que lembra e sen querer meter a pata, nunca foron chamados á Xunta de Voceiros. Os tempos do BNG da maioría absoluta xa se acabaron, non hai máis que ver o actual goberno e ser alcalde é selo de todos os veciños e os veciños teñen distintas sensibilidades, por iso, sinxelamente por un xesto diante dunha maioría do Pleno que celebra e vén celebrando dende hai sete ou nove anos este acto, sería un xesto que a alcaldía se chamase á celebración dun acto, aínda que o alcalde e o seu grupo non asistan, non pasaría nada porque nunca asistiron e con iso os demais grupos non se ían enfadar. Para un goberno en minoría sería un xesto, pero nin ese xesto teñen, máxime cando a última incorporación do



gobierno do grupo menos votado do Concello si asistiu sempre, agás o ano pasado. Por isto, captando esa posible sensibilidade desta concelleira si se debería ter convocado este acto. Por todo isto anuncia que o seu grupo votará a favor porque queren que se celebre ese día como se veu celebrando sempre e queren asistir a ese acto.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que os membros do seu grupo votarán en conciencia sobre este tema. Lémbrale ao alcalde que o día das letras galegas preguntoulle por que non se arriaba a bandeira de España. Curiosamente nas anteriores alcaldías do BNG só figuraba a bandeira de Galicia. O alcalde respondeulle que se facía por unha acción institucional e que ademais, podía ser penalizado. Como é unha cuestión de conciencia, deixa a súa conciencia para que o seu compañeiro vote o que considere e di que el, particularmente, non votará a favor da moción. Xa cando tomou posesión da súa acta de concelleiro dixo que o facía por imperativo legal e el en concreto non pensa ir a este acto.

Seguidamente intervén a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que recoñécelle ao voceiro do grupo municipal do PP o que dixo da Xunta de Voceiros, que ao mellor non é algo regulamentado pero entende que existe para algo e non para verse as caras, por iso dende que ela asiste, estas xuntas son para tratar os asuntos que van ao Pleno. Respecto da celebración da Constitución di que hai dous anos que non asiste, porque a súa organización entende que non deben facelo por determinados motivos que non vai falar aquí agora. Di que é o grupo menos votado, pero non por iso os seus votantes merecen menos respecto que os demais, e ao non asistir a este acto entende que representa o que os seus votantes queren, pois senón estarían noutra organización.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que por parte do governo os grupos municipais teñen o Concello a súa total disposición para a celebración de calquera acto que precisen. O BNG non ten nada que celebrar e non vai celebrar o día da Constitución xa que se trata dunha Constitución machista, que deixa a xente sen casa, sen saúde e que non dá dereito a decidir aos pobos, co cal no se ven reflectidos e por iso van votar en contra.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que faltaría máis que non lle deixaran a Casa do Concello. Este acto o viña celebrando IU, o partido Socialista e o PP, incluso cando gobernaba o BNG. Logo o fixo o bipartito e se fixo institucional. Respecto da Xunta de Voceiros dille á voceira do grupo Mixto municipal que non pretenderá que o debate que pode haber no Pleno se reproduza na Xunta de Voceiros, pois non se lle vai dar competencias a un órgano que non existe para quitarllas a un órgano que si existe.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lembra que a Constitución celébrase aquí dun xeito oficial dende hai nove anos, e dende un principio vense celebrando polos partidos que defenden a Constitución, non porque sexa a mellor ou a peor ferramenta, senón porque ten unha virtude inmensa, pois regula a fórmula para cambiala a través dunha maioría cualificada. Respecta profundamente quen poida estar en contra, quen a comparta ou non, pero se algo permite e promove esta Constitución son as políticas de igualdade de xénero, a xustiza social e o dereito ao traballo. É certo que se podería seguir mellorando e que algúns aspectos debían ser considerados como elementos esenciais e garantidos para o conxunto dos cidadáns, e no camiño de mellorar tamén encontrarán ao seu grupo, pero é innegable que esta Constitución serviu para que a xente que defendía a tiros as súas diferenzas políticas as resolveran falando nunha mesa ou nunha rúa, que todos puideran falar de todo, e iso si o ten a Constitución do 78. Por iso para o seu grupo é un valor, por moito que para outros sexa insuficiente e por moito que tamén algúns consideren que hoxe se deba producir esa lectura pausada e detida para tratala de adaptar a uns tempos que xa son distantes de aquel 1978.

Falando da Constitución pódese decidir se se quere celebrar ou non, pódese compartir ou non, pero pensa que dificilmente se pode demonizar un instrumento que, se serviu para algo foi para cimentar a convivencia dos cidadáns do Estado español. Polo tanto, votará a favor e dalle as grazas á voceira do grupo municipal do BNG por darlles permiso para utilizar o Pleno e tamén espera que o governo así o faga, pero dille que esa non era a cuestión, pois iso o presentarían por rexistro. A cuestión era que este Concello faga un acto institucional que se viña facendo os últimos nove anos, deben facelo por unha cuestión de respecto á maioría dos representantes deste Pleno, pois a maioría defenden a Constitución como elemento vertebrador da sociedade. Por isto debería respectar e asumir a proposta desta Moción se, como semella, vai ser aprobada.



A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Bastida Rodríguez, que quere matizar que el non vai votar para que se faga un acto para celebrar a Constitución, pero non deixa de valorala. Di que foi e segue sendo un instrumento importantísimo para a democracia e liberdade dos españois. Que haxa máis paro ou que non se respecten ás mulleres non é unha cuestión da Constitución, porque non vén recollido en ningún artigo, é cuestión de quen aplica en cada momento a Constitución e é un instrumento valiosísimo para a democracia do Estado español. Di que sinxelamente vota que non a Constitución porque é un nacionalista galego.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (3 do grupo municipal Socialista e 7 do grupo municipal Popular) e 7 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Instar ao Alcalde do Concello de Fene, Juventino Trigo Rey, a que en coordinación cos diferentes voceiros do grupos políticos do Concello de Fene tome as medidas precisas para a realización dun acto institucional con motivo do día da Constitución, o 6 de decembro de 2016.**

### **9. Rogos e preguntas**

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Estes anos na Área de Cultura o que semella máis importante é a cabalgata de reis e o Entroido e, como non pode ser menos, hoxe preguntará previamente pola cabalgata de reis. Quere saber se xa se contratou a cabalgata? Se está contratada, por que importe? A cabalgata vai pasar polas parroquias?

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que di que a cabalgata aínda non se contratou, remata o prazo estes días, mañá ou o luns, e o importe polo que se sacou a concurso foi o mesmo que o do ano pasado e, por tanto, as ofertas como máximo serán iguais ao custo do ano pasado que foi arredor de 15.000 euros IVE engadido. Respecto do percorrido di que será o mesmo que o do ano pasado.

- As luces de Nadal xa están colocadas e tamén queren saber o importe desta contratación.

Contéstalle o alcalde que isto o levou Promoción económica e se non lembra mal contratouse por un importe de 11.000 euros aproximadamente.

- Cando o BNG estaba na oposición, este, xunto coa actual concelleira de Servizos Sociais que agora forma parte deste goberno, sempre lles achacaron, ao seu goberno do PP, que estes gastos eran excesivos, desorbitados e fóra de todo contexto, que se suprimira o alumeado e a cabalgata de reis para que estes cartos de destinasen a Servizos Sociais. Pregúntalle á concelleira de Servizos Sociais se hoxe segue pensando o mesmo, se estes gastos debían ir para Servizos Sociais e se apoiou na Xunta de Goberno a contratación destes eventos.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que dubida moito que dixera que non se fixeran os actos de Nadal, que unha cousa é isto e outra cousa é que valore que en determinadas situacións de crise se reduzan as cantidades o máximo posible. Di que non pode dicir nunca que non quería que se fixeran porque a súa teima, precisamente, era que se levase polas parroquias a cabalgata e a resposta da súa voceira, lembra perfectamente, que foi que mentres estivese ela no goberno se van facer polo centro de Fene.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, dille que agora tamén.



Prosegue a dicir a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que está contestando que non pode ser que non se fixera, porque a cabalgata é un acto dedicado aos nenos e partindo desa base é totalmente incoherente. Outra cousa é reducir o gasto ao máximo posible e aí si pode estar de acordo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di que para a vindeira Comisión agradecería que presentase a comparativa dos gastos, coas facturas correspondentes, das últimas catro cabalgatas cos de esta que se vai facer. Así verase se aumentan ou diminúen os gastos, que pola súa teoría teríanse que reducir. Di que el xa buscará as actas dos Plenos pero rógalle que leve eses datos á Comisión.

Seguidamente a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, pregúntalle se sabe que esa non é a súa Comisión?, dille que non leva a Área de Cultura. Pregúntalle se realmente non ten nada máis serio que facer que buscar actas anteriores?.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que pregúntalle á concelleira de Servizos Sociais se lle costa traballo o que fai el?, porque ata o de agora ben dá feito.

- O outro día puido comprobar que a depuradora de Maniños segue na mesma situación, é certo que se baleirou parte dos tanques, pero é certo que os lodos seguen alí e incluso, sen ser técnico disto, parécelle que aínda queda algo por baleirar. Alí está todo parado e nin sequera se cortou a maleza para acceder ao recinto. Insiste na pregunta de para cando este Concello lle vai obrigar a Viaqua a cumprir a sentenza ditada polo xulgado contencioso administrativo en base ao procedemento que lle abriu o goberno do PP. Roga que se cumpra a sentenza xa, pois moitos Plenos e xa se chegou a un punto no que non hai máis percorrido. Se non hai un alcalde que sexa quen de plantarlle cara a Viaqua terá que deixar que lla planten outros, pero está claro que non se pode botar así toda a vida. Para cando se vai finalizar o baleirado dos tanques da depuradora de Maniños?

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que sabe da teima que ten o PP con Viaqua pero dille que a empresa está facendo os traballos de acordo co que ditou o xulgado. Evidentemente están retirando os lodos da depuradora, a última retirada fíxose este venres. Retiran parte dos lodos, os levan a desecar, cando desecan os lodos pesan menos e é cando os levan a tratar, porque eles pagan polo peso e o goberno non lle vai dicir que fagan un traballo que custe máis, porque se a alguén lle mandan facer un traballo farao do xeito máis económico que lle sexa posible. Este é o proceso que se está a facer.

- Na Comisión de Urbanismo se dixo, cando se preguntou pola praza do Perla, que alí non se podía facer nada porque era privada. Quedáronse estupefactos cando escoitaron a resposta de que non se pode coller unha praza cun aparcamento debaixo. Dilles ao goberno do BNG que foron eles os que deron unha licenza para derrubar unha sala emblemática, como foi a Sala Perla, deron licenza de obra para o edificio que está aí, deron licenza de obra para construír un aparcamento baixo a praza do Perla, praza que era pública e vostedes mesmos levaron á dita praza unha escultura formada por sete cadeiras que representan aos sete cines de Fene, que ademais custou uns cartos; logo o goberno bipartito fixo unha actuación para humanizar a dita praza, puxo unhas cadeiras de cubos de mármore, pedíronse subvencións para isto e cre lembrar que a Deputación deu 25.000 euros para isto, para que agora, nunha Comisión de Urbanismo se lles diga que esa é unha praza privada e non se pode facer nada. Por iso pregunta se o goberno ten pensado facer algo coa praza do Perla.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que non lembra exactamente a pregunta feita na Comisión de Urbanismo e é certo que dixo que é unha praza privada, pero non lembra sobre que actuación foi preguntado. El non contestou que non se podía facer nada.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que se quere se pode esperar á acta da Comisión e volveralle preguntar logo, porque é algo moi grave.

De seguido prosegue a dicir o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que ata o de agora non teñen pensado facer nada alí. É unha praza privada. Di que el non estaba no Concello cando se



puxeron as esculturas, pero pensa que foi un tema do promotor, que non o fixo o Concello. Pensa que o que si fixo o Concello foi a instalación de macetas e demais mobiliario.

- En Barallobre, aínda que sabe que é unha zona portuaria, o mantemento e a limpeza de todo o contorno da Confraría de Pescadores o anterior goberno o viña facendo e aquilo hoxe dá pena velo. Ten un estado de conservación bastante deficiente polo que solicita que se faga unha limpeza integral desta zona.

- Ve con preocupación que a rúa do Ameneiral segue sen asfaltar, levan meses dende que se levantou, polo que pregunta, cando se vai asfaltar?

Contéstalle o alcalde que se fixo un traballo hai un ano ou a finais do ano pasado do cambio da tubaxe da auga porque había continuas roturas e perdas de auga. Isto provoca que non só se vaia arranxar as canalizacións senón que se vai facer un arranxo integral de toda a rúa. Isto está, se non lembra mal, incluído nun plan complementario do PAI, que será a obra que en breve se poderá facer.

- No Diario de Ferrol saíu que o Concello de Fene puxo pé firme ante Portos para tirar a Nave de Fondomar, pero o que bota é un pé cara atrás. Non entende o de pé firme para ir pedir a demolición dunha nave, dille ao alcalde que xa estaba neste Pleno cando se falou no pasado da parcela de Fondomar e a demolición xa era unha posición asumida por todo o mundo, incluso por Portos de Galicia, aínda que dubida que se faga. Non obstante, con isto xa se estaba nun escalón superior no que Portos de Galicia tiña que facer un concurso de ideas para a utilización desa parcela de Fondomar na que se incluía a demolición da Nave e agora resulta que tamén se vai facer un edificio cos baixos para a Confraría, para usos deportivos de piragüismo, vela e un edificio de hostalería na parte de arriba. Iso xa é o que se pediu moitas veces e o que había que pedirlle a Portos de Galicia era que asumise o pagamento do concurso de ideas no que se incluía o derribo da nave, por iso di que, en vez de subir un escalón, báixase. Deséxalle sorte ao alcalde na súa andadura para tirar a nave e preguntalle, despois que? Volverá pedir a Portos de Galicia que faga un concurso de ideas no que se contemple a demolición da nave?.

Contéstalle o alcalde que lle recomenda que volva ler a nova, en ningún momento se fala de pé firme nin nada polo estilo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao alcalde que o chama mentireiro e de todo, pero ten aquí a nova do Diario de Ferrol que le textualmente: "El Concello dá un "paso firme" de la recuperación de la rivera del río Barallobre ...".

A continuación intervén o alcalde que di non é o mesmo paso firme que pé firme. O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que rectifica. Prosegue a dicir o alcalde que cando se fai unha actuación deste tipo semella que a algunha xente non lle gusta ou semella que lle doe, pero non o entende. Se antes non se puido avanzar neste asunto e leva parado polo motivo que sexa, agora o que se pretende é avanzar e que Portos de Galicia, titular dos terreos, comece a facer as actuacións que pensa que todos os veciños e os grupos deste Concello falan máis dunha vez. O que se fixo foi aclarar con Portos de Galicia que é o que pasa con esa nave, por que non están iniciados xa os traballos de demolición que nun principio se ían facer xa hai tempo e por que non hai ningún proxecto ou concurso por parte de Portos de Galicia. O presidente aclaroulle que existe un informe do estado da nave e avanzoulle que está en trámites o proxecto de demolición. O que lle pediu, logo de ensinarlle e deixarlle copia dos planos de hai anos deste Concello con distintos edificios ou posibilidades de facer unha ou outra solución, falan de que Portos de Galicia fixera esa actuación. O presidente veu isto viable e interesante e logo do proxecto da demolición a ver se se pode facer outro proxecto para unha posible explotación dese edificio. Iso é o compromiso que se adquiriu. Por outro lado aproveitou para que a depuradora de Maniños, que consta no inventario municipal, pero que ocupa unha zona de Portos de Galicia, unha vez que se está acabando de retirar as augas, lodos e demais, se poidan facer cargo da súa demolición, idea que tamén acolle. Quedouse tamén cos planos que lle presentou e comprometeuse a pasar por alí cando traian o outro proxecto e están en contacto para ver se tamén se fai cargo da súa demolición, ou cando menos dunha parte. Está contento porque este compromiso de Portos de Galicia, ata agora, non o había e se agora o hai, está encantado. Pensa que cando as Administracións se comprometen a algo, o levan a cabo. Ata o



de agora unha parte importante do que o resto das Administracións dixeron o están cumprindo, por iso quere darlle esa marxe de confianza. Non obstante hai unha liña aberta con Portos de Galicia.

- Na Xunta de Voceiros lles dixo que ían recibir as liñas básicas do orzamento e dille que están esperando a recibilas pero preguntalle, que pasa coas ordenanzas fiscais?. Disto xa se lles preguntou varias veces e díxose que había que revisar todas as ordenanzas pois non valía de nada revisar unha a unha. Pero se vai avanzar as liñas básicas dos orzamentos as ordenanzas quedarán como están e saben dalgunhas ordenanzas que están causando moitos prexuízos a moitos veciños. Como o alcalde dixo que o ía solucionar preguntalle se o vai solucionar xa, antes das liñas básicas do orzamento. Tamén anunciou que logo de ter os orzamentos preparados presentaría unha cuestión de confianza ligada aos orzamentos, polo que quere saber se se mantén nese firme empeño.

Contéstalle o alcalde que alégrase que agora, logo de gobernar catro anos, que saiba que hai ordenanzas que causan prexuízos aos veciños, se tardou catro ou cinco anos e tivo que pasar un ano na oposición para darse conta, alégrase disto. Di que segue traballando nelas e espera que poida sacar cara adiante un número importante delas, de feito hai propostas suficientes, incluso algunha do PP recollida logo dalgunha conversa. Non só se vai traballar en ordenanzas que supoñen importes elevados para o Concello, senón nas que causan moitos trastornos para os veciños e que para o Concello non supoñen tanto carto. Espera que a finais da semana que vén se poidan avanzar algo dos orzamentos do 2017 tal e como se comentou na Xunta de Voceiros.

- Nunca máis se soubo dos terreos da auga de Magalofes, díxose que o anterior goberno do PP deixou o terreo buscado pero que era moi caro, 7.000 euros, polo que lle pregunta ao alcalde se buscou outro terreo.

Contéstalle o alcalde que esta semana tivo algún contacto con algúns dos propietarios, estiveron nos sitios e están estudando que se pode facer, se se poden adquirir con todas as garantías.

- No Pleno pasado díxose que non se ía tocar o plan de urbanismo, pero rógalle que urxe a adaptación do plan de urbanismo á Lei do solo.

- Avanzouse algo no remunicipalización do abastecemento da auga?

- Di que leva tres mocións no que se lle solicita a súa dimisión, dille ao alcalde que non ten a confianza do Pleno e botou do seu goberno a unha serie de concelleiros e quedou gobernando só. Por iso non ten lexitimade para presidir este Pleno e por tanto o está presidindo en fraude de lei porque utilizou a lei, cos votos dos concelleiros, para ser alcalde e utilizou a lei, coas facultades que ten o alcalde para botar ao concelleiros, por iso, utilizar a Lei de xeito retorcido chámase fraude de lei e por iso pediralles en todos os rogos e preguntas de todos os Plenos que presente a súa dimisión, cumprindo, como debe cumprir, as tres mocións aprobadas.

Contéstalle o alcalde que tal e como formula isto, como fraude de Lei, e se insiste, pode ir ao xulgado, aínda que sabe perfectamente que isto non é así. Pódelle poñer o cualificativo que queira pero estalle poñendo o cualificativo equivocado.

A continuación intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que contesta ao alcalde que fraude de lei non ten nada que ver cun delito.

Prosegue a dicir o alcalde que cando hai fraude de lei, así o recollen as sentenzas dos xulgados.

A continuación a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértola Puente, fai o seguintes rogos e preguntas:

- Preguntalle á concelleira de Persoal se sabe que esta semana entrou un escrito dunha central sindical pola que unha boa parte dos traballadores deste Concello presentan unha petición.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que si.





Prosegue a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que como coñece o escrito deste sindicato con gran presenza neste Concello fai alusión a un acordo plenario do 2012 no que se propoñía abonar un complemento ata acadar o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causa da incapacidade de aqueles traballadores que se atopaban de baixa. En concreto se refería a tres supostos, un deles lesións graves ou enfermidades incapacitantes debidamente acreditadas mediante o correspondente informe ou parte médico oficial. Este escrito tamén pon en coñecemento que se estaba a aplicar a redución desta retribución dalgún traballador. Por iso quere preguntar, é isto certo?, por que non se lle contesta aos traballadores que presentaron un escrito reclamando o complemento aprobado polo Pleno do 100%?. Di que hai que contestarlle si ou non, así logo o traballador poderá alegar ou recorrer o que no seu dereito estime convinte ou poderá deixalo e aceptalo. Por que non se lle contesta aos traballadores cando presentan un escrito? Que argumentación adopta este goberno para entender a que traballadores e por que causas lle retira esa parte da retribución salarial? Non pode entender que habendo esta cobertura, que precisamente se fixo este acordo plenario para suplir a Lei do Estado que prevía esa redución, como pode ser que o BNG estea reducindo proporcionalmente os soldos dalgúns traballadores?. Entende que hai que presentar un parte ou informe médico, o que supón que a baixa médica xa supón un parte. Por que non se lle contesta ao traballador? Que argumentación se utiliza para usar esa redución no salario? Quen decide cales son as incapacidades merecedoras de abonarlle dito complemento e as que non o son?

Contéstalle o alcalde que este tipo de asuntos non é apropiado tratalos no Pleno porque son asuntos moi persoais dos traballadores do Concello. Para esclarecer o por que aínda non se contestou habería que explicar o proceso. Faise unha interpretación, xa de antes, que di que hai determinadas baixas médicas que non se complementan, non é algo que faga este goberno, senón que tamén o fixo o anterior dende que se asinou este acordo. Hai un escrito presentado que será contestado polos servizos xurídicos e estase pendente de que se fagan os informes.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, pregúntalle a interpretación de quen?

Contéstalle o alcalde que a interpretación dos servizos técnicos municipais.

A continuación o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Hai unha serie de cuestións que xa preguntou o PP, pero a raíz dunha das preguntas o alcalde sacou unha das carpetas que el deixou no archivador do book do seu despacho pregúntalle, logo de chamalo algunha vez ou mandarlle algún correo electrónico, vai pagar a factura dese book?

Contéstalle o alcalde que aínda que quedan poucas facturas por conformar de hai algúns meses, esta factura debe estar feita a transferencia hoxe ou onte. De todos os xeitos houbo unha serie de facturas que se tardou moito en pagalas porque tamén se tardou bastante en conformalas.

- Que inclúe exactamente o contrato das podas deste ano?

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que contratouse a poda das árbores de Marqués de Figueroa, Avda. Naturais, Conces e rúa Cádavo.

- Cal é o nivel de execución das obras, tanto en porcentaxe de contratación como de execución?, e cal é a previsión que hai a 30 de decembro das obras contratadas e executadas?

Contéstalle o alcalde que llo pasarán por escrito.

- Respecto do céspede do campo de fútbol do Maniños quería preguntar se xa se sabe o céspede concreto que se vai instalar? Preguntou na Comisión que probas se lle estaba facendo ao céspede, se cumpría coa normativa FIFA e quere que lle aclare este dato, porque hai uns cantos que si cumpren pero pensa que se tratará de que o céspede cumpra coas especificacións que tiñan no prego de prescricións técnicas que son máis esixentes que a normativa FIFA.



Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que é certo que se presentou o céspede ao técnico que leva a dirección de obra e el comentoulle cales eran as esixencias que requiría o proxecto.

O técnico que leva a obra considerou que era un material axeitado.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, pregúntalle ao concelleiro de Deportes cal é ese material?.

Contéstalle o concelleiro de Deportes que non é técnico e que non sabe que material é.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, pregúntalle ao concelleiro de Deportes se llo pode facilitar por escrito cales son as características e as certificacións do céspede?.

Contéstalle o concelleiro de Deportes que si.

- Hai veciños que lle trasladaron queixas de suciedade acumulada e de lama no contorno da Igrexa Vella de Maniños, de fochancas na zona da Torre, na zona do parque infantil do CPI A Xunqueira. Hai previsión de arranxalas?.

Contéstalle o alcalde que toman nota destas deficiencias.

- Na convocatoria das axudas de 2015 ás entidades, na comisión avaliadora, veu que había tres representantes do BNG, un do grupo Mixto, un do PP, un do PSOE e un de Somos Fene. Sorpréndelle a composición e non ten nada que ver coa proporcionalidade do Pleno e pregunta, por que este cambio?, hai algunha xustificación para esta representación?.

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que lle pasará dita información por escrito.

- Veu con ledicia que se investiu na realización das escolas indianas, o que lle parece moi ben. Nese programa había unha partida inicial de 14.000 euros e quere saber a cantidade que finalmente se gastou, canto se vai gastar este ano en arranxar as deficiencias desas escolas de indianos nas que hai goteiras en case todas elas?.

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que, como xa dixo na Comisión, o investimento veu dunha subvención de 14.000 euros, non chegou a cubrirse a total da subvención que quedou en 13.200 ou 13.300 euros aproximadamente. O gasto que se vai facer nas escolas indianas di que se están revisando pois nestes últimos anos atrás non se lles fixo nada. Verá o que se pode facer nun futuro.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, dille que haberá que mirar no book dos caixóns pois deixou un pendrive coas memorias valoradas da situación das escolas, un traballo que pagou o Concello e que o goberno pode revisar e aproveitar porque pode axudar.

- Tivo novas sobre a ribeira de Barallobre, sobre a rúa Ribeiroa, no que existía un compromiso verbal para negociar coa licitación respecto dos rebentóns das canalizacións do río e sorpréndelle o que leu no xornal que Deputación ía asfaltar sen facer nada máis. Como había dúbidas da propiedade, se municipal ou da Deputación, o Concello por urxencia cos veciños acabou asumindo a intervención a cambio dun compromiso da Deputación que ía facer unha intervención integral. Por iso pregunta: recuperaron esas conversas? hai perspectivas de algo? a conto de que viña o aglomerado sen negociar antes as condicións do arranxo?. Preocúpalle que a saída do río que vai por debaixo da rúa Ribeiroa, agora que van vir as chuvias, está atascado na parte final que vai ao Porto. No seu momento quedouse en mandar á Deputación un pequeno informe fotográfico da situación, dende Portos quedouse en facer unha intervención coordinada con Portos e Costas, das tres institucións, para solventar o problema da saída das augas do río. Fíxose algo ao respecto?. Se non se fixo, roga que se recupere canto antes esta xestión cara evitar o problema que houbo o ano pasado.





Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que se está facendo o cambio da tubaxe do abastecemento de auga dende o cruce ata o lavadoiro, porque a Deputación avisou que se ía asfaltar, por iso primeiro se falou co responsable da Deputación para que asfalten logo do cambio disto, que se está facendo agora.

Contéstalle o alcalde que a partir disto haberá que intervir no río, que é na zona de abaixo, nun principio estase facendo esta primeira parte.

- Dille ao alcalde que alégrase que asuma algunhas das actuacións do goberno aínda que fosen arriscadas e poden levalo a críticas da veciñanza como da oposición. Refírese á rúa Ameneiral na que no seu momento el apostou porque a súa recuperación fose integral, aínda que houbera que tardar máis tempo. Alégrase de que ao goberno lle valga algunha das actuacións que fixo.

A continuación o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, fai os seguintes rogos e preguntas:

- No borrador da acta do Pleno anterior nunha intervención o alcalde fai referencia ao traballo no departamento de Servizos Sociais no canto que había baixas laborais e unha certa descoordinación. Como se sentiu aludido naquel momento, respectou a intervención do seu compañeiro, pero hoxe, ao ver isto reflectido na acta, quere preguntarlle se considera necesario que as baixas laborais dos traballadores sexan cubertas?, se considera necesario, tal e como trouxo a concelleira de Persoal ao Pleno, unha praza de coordinador de Servizos Sociais?, o di porque queda implícito que se se crea unha praza de Servizos Sociais quere dicir que é necesario, e se se crean bolsas de traballadoras sociais, quere dicir son necesarias. Dio porque ao mellor o alcalde non tiña na mente estas necesidades cando fixo aquela intervención e logo cando asumiu a concellería si as detectou. Así el, cando formaba parte do goberno pediu en distintas reunións de Xuntas de Delegados que se creasen unha bolsa de traballadoras sociais, unha bolsa de empregados de servizo no fogar, unha bolsa de psicóloga e outra de pedagoga, porque eran moitas as ausencias por enfermidades e provocaban que o servizo non se puidera prestar coa calidade que precisan os veciños de Fene. Faille este reflexión e esta pregunta porque ten a sensación de que lle bota toda a culpa a el.

Contéstalle o alcalde que efectivamente atopouse con algún problemas en Servizos Sociais, algúns coñecidos e outros non. Di que moitos deles non son de agora. Intentou tomar medidas o máis rápido posible. Tivo varias reunións con todas as traballadoras para intentar atopar unha solución a unha parte grande de expedientes que estaban paralizados. A raíz desas reunións comprobouse que había unha descoordinación importante e que se levaba tempo analizando como se podía solucionar. Na Comisión xa se falou algo disto e efectivamente as bolsas se estaban sacando e estanse sacando, levan o seu trámite e o seu tempo. Ata agora saíron dúas, a de traballadora social e a de coordinadora. Ante esta desorganización estanse tomando as medidas para que isto ocorra o antes posible.

A continuación intervén o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di ao alcalde que na súa intervención, recollida na acta, daba a sensación que a descoordinación viña provocada polo traballo que desempeñou el. Di que traballou alí moitos meses e fixo de coordinador moitas veces entre as traballadoras que non se poñían de acordo. Agora sácase unha praza de coordinador e unhas bolsas de traballo, cousas que xa pedía el dende setembro de 2015 en todas as Xuntas de Delegados. O que quere facerlle ver é que o alcalde non vía a necesidade e tivo que facerse cargo da concellería durante un tempo para darse conta de que había que crear estas bolsas. Por iso, pídelo que recoñeza que todas estas prazas de coordinación e bolsas había que telas posto en funcionamento cando el llas pediu. Ou isto non o quere entender ou o que quere é deixalo mal, pero a cantidade de protocolos e reunións que fixo para coordinar os traballos están aí para preguntarlle a calquera das traballadoras. Non quere que se poña en dúbida o seu traballo profesional e se o quere poñer, dígao claramente.

Contéstalle o alcalde que non se trata de poñer en dúbida o traballo de ninguén, trátase de que había que dar solucións. Agora mesmo non hai coordinadora nin se están substituindo as traballadoras sociais e están saíndo todos os expedientes que había das traballadoras que estiveron de baixa, co persoal que hai agora. Non sabe se as traballadoras entenderon doutro xeito a necesidade que había e comprenderon que o traballo que había non se estaba facendo ben. Agora



estase facendo, o goberno veu a necesidade, e cando falaron disto, a finais de agosto con dúas baixas e dúas traballadoras de vacacións, coincidiu así.

A continuación intervén o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que houbo un momento no que houbo unha soa traballadora, dúas de baixa e outra de vacacións, que houbo unha traballadora que estivo 6 meses de baixa e antes outra 12 meses e outra vez 3 e outros 3 meses de baixa. Pensa que os expedientes se demoraban porque faltaba persoal.

- Hai constancia de que se levase a cabo a intervención do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade no Concello de Fene no mes de novembro, concretamente unha exposición de imaxes que tiña contratada para o mes de novembro?, se se fixo, canto tempo estivo?.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que si que se fixo no mes de novembro, non lembra exactamente pero pensa que foron aproximadamente 15 os días que estiveron expostas as imaxes.

- Respecto do programa Xantar na Casa, cantos usuarios fixeron uso deste programa neste trimestre?. Déuselle a publicidade que se merece para que todos os veciños saiban que existe o programa e poidan facer uso del?

- Respecto dunha intervención socioeducativa que deixou programada no mes de agosto para facer nas prazas de Perlío, tratábase dun programa que levaba a cabo a asociación Aseluc sobre información e sensibilización sobre o SIDA. Acordouse con eles que fixeran un programa de intervención nese curso escolar que ía ser desenvolto no primeiro trimestre cos adolescentes dos distintos centros educativos da ESO? Teñen a programación desas actuacións e cando se van levar a cabo?

- Cal é a matriculación da escola infantil do Carril? Que unidades entraron en funcionamento? Cantas delas son mixtas? Con cantos alumnos contan?. En función do número de alumnos, logo do seu cese, fíxolle unha recomendación ao goberno no senso de aprobar o plan co Consorcio de Benestar Social para ver se os cartos se investiron ben e se o Concello saíu beneficiado respecto do gasto que hai que soportar ao longo dos anos.

- Respecto ao programa de Envellecemento Activo quere saber se se fixo algunha actuación no derradeiro trimestre do ano. Ofrecéuselle as entidades veciñais, logo do éxito dos anos anteriores? Cantas entidades veciñais se acolleron se é que empezou?.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que este programa non se está levando a cabo e como non quere darlle información errónea do motivo, prefíre consultalo ben e pasarlle a información por escrito.

- Respecto do programa da Memoria que se levaba a cabo no edificio de Servizos Sociais quere saber se se está levando a cabo e, se é así, que tipo de actuacións?, durante canto tempo e cantas persoas participaron neste trimestre?. Ligado a este programa viña ligado unhas actuacións coas familias e quere saber se se están levando a cabo as ditas actuacións.

- Respecto do día internacional da Violencia de Xénero, aínda que a concelleira llo explicou, non chegou a entender que se cambiara a data do 25.11.2016 pola do día 23.11.2016, día de máis esplendor destas xornadas debido a que a compañía Chévere non tiña outro tipo de datas. Tamén quere saber o custe total desta intervención?.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, María Carmen Martínez Rodríguez, que, o cambio de data do día da violencia de xénero foi motivado porque non había outra data para facelo, querían facer algo diferente ao que se viña facendo. Parecelle un bo programa, que incluíu non só a lectura do manifesto senón dos microrrelatos. Resta por pechar no programa unha actividade que se vai desenvolver no mes de decembro e tan axiña como as teña llo pasará.

Respecto doutras preguntas máis concretas, contestaralle por escrito e intentará que sexa á semana que vén, logo dos festivos que hai e enviarallo por correo electrónico.



A continuación o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, fai os seguintes rogos e preguntas logo de escusar a ausencia do seu compañeiro de grupo que tivo que marchar por unha urxencia relacionada coa súa profesión :

- Respecto da pregunta que xa fixo o partido Popular nunha Comisión sobre a non execución dunha obra que se ía facer xunto a Cabanas e que formaba parte dunha subvención que se ía facer no polígono Vilar do Colo, hai máis información dos motivos polos que non se puido executar esa obra?

Contéstalle o alcalde que como xa informou o outro día, o alcalde de Cabanas informoulle que por problemas co proxecto non se puido presentar a tempo con todas as condicións que se requirían, polo que acordaron renunciar á subvención. Se Cabanas é quen se encargaba do proxecto a Fene non lle queda outra que renunciar tamén, non se pode facer outra cousa nese sentido.

- Vai haber un equipo de campaña polo Nadal en colaboración co comercio ou vinculado a este?

Contéstalle o alcalde que houbo unha reunión cos comerciantes que quedaron en pasarlles cal era a súa programación; avanzáronlle algunha das ideas que tiñan para que o Concello colaborase con eles. Estes días verase en que consiste e ata que punto o Concello vai poder colaborar.

- Fíxose algunha xestión respecto das queixas da auga fría na pía municipal?

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Justo Martínez Ardá, que logo do rogo na Comisión comentoulle a incidencia aos técnicos da pía municipal que están a comprobar se se cumpren os requisitos técnicos da temperatura da auga e cal pode ser o motivo de que non acaden esa temperatura.

- Roga que se limpe un lixo que se tirou no camiño inglés. Di que xa llo comentou á concelleira de Medio Ambiente, pero roga un pouco máis de axilidade para a súa retirada.

- Roga que aos exteriores do Ramo se lle faga un seguimento máis sistemático, aínda que xa se lle notou unha melloría.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.59 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas